



O pescador tailandés Pan Kangkatoag, de 50 anos, camiña por unha reserva seca en Lam Takhong Dam, na provincia de Nakhon Ratchasima, 259 quilómetros do nordés de Bangkok

O presidente do Grupo Intergubernamental sobre o Cambio Climático da ONU (IPCC), Rajendra Pachauri, alertou de que ese fenómeno reducirá os cultivos nas zonas tropicais, onde millóns de persoas viven da agricultura, o que desencadeará un aumento dos prezos

O CLIMA TAMÉN PODE INFLUÍR NOS ALIMENTOS DISPOÑIBLES

Axencias • Xenebra/Lonres

“A máis afectada polo cambio climático será a poboación máis pobre que depende totalmente da agricultura”, advertía o 5 de xullo pasado Rajendra Pachauri durante unha conferencia de prensa en Xenebra.

A perda de áreas cultivables xerará unha caída das existencias agrícolas e, en consecuencia, un aumento dos prezos dese tipo de produtos, advertiu. En África, vaticinou Pachauri, producirase un

os máis afectados pola nova situación climática, non poderán importar produtos agrícolas polo alto prezo que alcanzarán no mercado, alertou o responsable do IPCC.

As zonas costeiras tamén sufrirán importantes danos polo aumento do nivel do mar, que subirá entre 18 e 59 centímetros de aquí a finais de século, segundo o experto.

Por todo iso, pediulle ó Consello Económico e Social das Nacións Unidas, cuxa reunión anual se celebrou en Xenebra a comezos de xullo, que teña un papel máis activo

o maio pasado en Bangkok sostén que o establecemento dunha taxa de 50 dólares (pouco máis de 36 euros) por tonelada de dióxido de carbono pode contribuír a reducir do 27 ó 52 por cento as emisións de gas, mentres que se se fixa a 100 dólares por tonelada (uns 72 euros), axudará a que diminúan ata o 63 por cento.

Na actualidade o nivel sitúase ó redor de 445 partículas de CO₂ por millón e se se evita que esa cifra aumente, poderíase frear a alza da temperatura en dous graos centígrados, indicou Pachauri.

Todas esas medidas para combater o quecemento global debatíranse no próximo Cume do Cambio Climático, que terá lugar na illa indonesia de Bali a principios de decembro próximo.

A pesar dos perigos que pode traer consigo o cambio climático, para boa parte da sociedade estes non son reais, segundo unha sondaixe levada a cabo no Reino Unido. A enquisa da compañía especializada en estudos de mercado Ipsos Mori—entre 2.032 adultos, levada

a cabo en xuño—constatou que o 56 por cento dos británicos opinan que os científicos aínda teñen dúbidas sobre o cambio climático. E hai un sentimento xeneralizado de que se esaxerou o problema para obter diñeiro. A enquisa revela que o terrorismo, o crime, e ata os graffiti

opostos sobre o tema. A preocupación sobre o cambio climático reflíctese nos medios de comunicación, que abordan constantemente a problemática e o seu impacto na poboación. Pero o cambio climático converteuse nunha experiencia persoal e cada un ten a percepción

MUITOS CIDADÁNS AÍNDA TÍÑEN SERIAS DÚBIDAS SOBRE O IMPACTO REAL DO CAMBIO CLIMÁTICO SOBRE O PLANETA

as rúas sucias lle preocupan máis á xente que o cambio climático.

Segundo o estudo, moi pouca xente rexeita directamente a idea de que o clima está cambiando ou de que os seres humanos sexan polo menos en parte responsables. Con todo, unha proporción importante das persoas consultadas mostrou moitas dúbidas sobre a gravidade do problema en realidade e cre que se esaxerou.

Os cidadáns parece estar influenciado polos argumentos

de que algo pasou ou está pasando, como que as tormentas son cada vez máis intensas, ou que os eventos climáticos son cada vez máis fortes.

Pero o feito de falar do tema, din os expertos, está aínda moi lonxe de facer algo para cambialo. Segundo os investigadores, os resultados da enquisa británica suxiren que aínda falta moito por facer para que os cidadáns adopten estilos de vida con menores emisións de carbono.

A FALTA DE AUGA EN ÁFRICA LEVARÁ Á DIMINUCCIÓN DE CULTIVOS E Ó CONSEGUINTE INCREMENTO DA MALNUTRICIÓN HUMANA

declive da dispoñibilidade da auga que, xunto coa redución de cultivos, incrementará os niveis de malnutrición.

O mesmo tempo, os países máis pobres, que previsiblemente serán

nos efectos do cambio climático. O responsable do IPCC sinalou, así mesmo, que “se se quere reducir a contaminación hai que establecer taxas ó comercio do carbono”. O último informe do IPCC aprobado